

WE SANG THE SONG [CANTAMOS ESA CANCIÓN]

A. García Teijeiro



3º e 4º ED.
PRIMARIA

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis,
para que limpen o sangue
que tinxe as ondas do mar.

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis,
para que os seres humanos
poidan collerse da man.

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis,
para que certas feridas
poidan un día cerrar.

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis,
para que as aves do ceo
nunca deixen de voar.

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis,
para que cubran as guerras
sabas con bruma de paz.



«Petando nas portas de Dylan»,
da triloxía «Bicos e non balas» de A. García Teijeiro

CANTAMOS ESA CANCIÓN

Actividades


1. Que tipo de texto é Cantamos esa canción?



2. Cantas estrofas ten?

sete dúas dezaioito nove
dez dezanove catro oito
catro cinco

3. E cantos versos ten cada estrofa?



4. Que versos se repiten?

Cantamos esa canción,
e con moita admiración.

Cantamos esa canción,
que lle gusta ao tío Ramón.

Cantamos esa canción,
porque o ritmo é moi bo.

Cantamos esa canción,
esta, aquela e moitas máis.

Cantamos esa canción,
para chegar a Caión.

Cantamos esa canción,
para ir a Eurovisión.

5. Une cada esrofa co que se conta nela.

1ª estrofa ■

■ Para que os seres humanos poidan collerse da man.

2ª estrofa ■

■ Para que cubran as guerras sabas con bruma de paz.

3ª estrofa ■

■ Para que certas feridas poidan un día cerrar.

4ª estrofa ■

■ Para que as aves do ceo nunca deixen de voar.

5ª estrofa ■

■ Para que limpen o sangue que tinxe as ondas do mar.

6. Que quere o autor que suceda en cada estrofa?
Arrastra.

Que as persoas sexan amigas	Que as aves poidan voar	Que non haxa sangue no mar.	Que non haxa guerras.	Que non haxa odio.
-----------------------------	-------------------------	-----------------------------	-----------------------	--------------------

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª

7. Cal destas palabras non ten relación coa paz?



8. Localiza na sopa de letras sete palabras que indican violencia. De todas as do recadro, cal non aparece na sopa de letras?

**SANGUE
FERIDA
GUERRA
CARRAXE
ARROUTO
ALDRAXE
ABUSO
AGRESIÓN**

A palabra que falta é ...

